



CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DUNHA NOVA DISPOSICIÓN XERAL DE CARÁCTER REGULAMENTARIO EN MATERIA DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA EN GALICIA

I. CONTEXTO NORMATIVO

De conformidade co previsto nos artigos 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do anteproxecto de decreto, substanciárase unha consulta pública na que se recadará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, de tal xeito que os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de formular a súa opinión acerca dos seguintes extremos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, de conformidade cos citados artigos 133 e 41.2 das Leis 39/2015, do 1 de outubro e 6/2010, do 17 de decembro, respectivamente, e co punto sexto da Resolución do 2 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia (transparencia.xunta.gal) durante o prazo de **15 días naturais**, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as alegacións ou suxestións sobre os aspectos formulados nesta consulta.

II. ANTECEDENTES DA NORMA



No marco do complexo reparto competencial que se establece sobre o medio ambiente, segundo o disposto nos artigos 149.1.23 e 148.1.9 da Constitución Española e 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de xestión en materia de protección do medio ambiente e a competencia para ditar normas adicionais de protección do medio ambiente, sen prexuízo da observancia da lexislación básica estatal, que en garantía da igualdade de todos os españois para a protección do medio ambiente corresponde ao Estado.

O marco normativo aplicable actualmente en Galicia en materia de protección e benestar dos animais de compañía está constituído pola Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia ; o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro ; o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos (ambas normas regulamentarias que trala publicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, permanecen vixentes no que non se opoñan á lei 4/2017) e a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos (de ámbito estatal).

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, habilita na súa disposición derradeira primeira ao Consello da Xunta para ditar, no prazo de doce meses dende a súa entrada en vigor, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento regulamentario, sen prexuízo do desenvolvemento normativo que lles corresponda aos concellos no ámbito das súas competencias.

Cómpre, polo tanto, dar cumprimento ao mandato legal e completar o marco legal da protección e benestar dos animais de compañía en Galicia mediante o desenvolvemento regulamentario da dita norma.

III. OBXECTIVOS E FINALIDADE

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estima a necesidade de elaborar un novo decreto que desenvolva as previsións recollidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Problemas que se pretenden solventar coa iniciativa.





Tras máis de dúas décadas de vixencia do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e trala publicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, cómpre abordar nun novo texto o desenvolvemento completo e innovador de todos os aspectos que inciden na materia.

Do mesmo xeito e, dado que tamén transcorreran case vinte anos desde a publicación do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, tamén cómpre actualizar esta normativa, con pleno respecto á normativa básica estatal, integrando nun único documento a regulación que ata o de agora se recollía nos devanditos dous regulamentos, ofrecendo solucións eficaces ás necesidades detectadas no tempo transcorrido e tendo en conta a experiencia acumulada.

Tales circunstancias aconsellan agora un novo tratamento da materia que de forma clara, eficaz e transparente, facilite tanto á Administración como aos interesados instrumentos áxiles para acadar unha adecuada protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

- Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación do Decreto 153/1998, do 2 de abril, e do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, así como a problemática derivada da súa falta de adecuación a determinados postulados recollidos na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ponse de manifesto a necesidade de completar e modificar certos aspectos que non resultan suficientemente claros, para evitar dúbidas na súa interpretación

- Os obxectivos da norma



O obxectivo principal da disposición regulamentaria é clarificar, simplificar, unificar e completar o réxime que debe resultar de aplicación á protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A alternativa a esta nova regulación sería unha modificación dos devanditos Decretos 153/1998 e 90/2002, pero polos motivos expostos anteriormente considérase procedente abordar un novo texto coa fin de garantir a seguridade xurídica, integrar nun único documento as dúas regulacións, e facilitar o axeitado manexo da norma.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020

